

### Kustificación

A convocatoria do Seminario pretende suxerirles aos asistentes una reflexión sobre o fenómeno do movemento agrario e da guerrilla antifranquista que posibilite un mellor coñecemento do noso pasado máis recente. Tal pretensión arela provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre o asociacionismo agrario e a guerrilla antifranquista contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, sen perder nunca a consciencia de cales son os dereitos e as obrigacións de cadaquén.

### Obxectivos da actividade

1. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos do agrarismo e a guerrilla en Galiza.
2. Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
3. Coñecer a historia das *Hermanades Sindicales de Labradores y Ganaderos* en Galiza.
4. Situar estes procesos históricos no contexto de Galiza e Estado.
5. Estudar e analizar diferentes aspectos básicos da evolución histórica de Galiza.
6. Facilitar ao alumnado, profesorado e interesados o estudo do asociacionismo agrario e a guerrilla.
7. Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa democracia e os dereitos humanos.
8. Contribuír á consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de Estado.

### PROGRAMA

**VENRES, 24 DE MAIO**  
**Tarde. INSTALACIÓNS DO IES FELIX MURIEL DE RIANXO**

**Sesión 1**

HORA	CONTIDO
16:30 h.	RECEPCIÓN E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN
17:00 h.	
17:00 h.	INAUGURACIÓN DO SEMINARIO
17:30 h.	
17:30 h.	PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL “AS SILENCIADAS”, de Pablo Ces Marco
18:30 h.	Descanso
18:45 h.	
18:45 h.	CONFERENCIA INAUGURAL E COLOQUIO “AS MULLERES E A RESISTENCIA ARMADA AO FRANQUISMO” Aurora Marco López. Catedrática da USC
21:00 h.	
22:00 h.	CEA COLECTIVA

**SÁBADO, 25 DE MAIO**  
**Mañá. CENTRO DE INTERPRETACIÓN PICO SACRO – CACHOSENANDE – LESTEDO (BOQUEIXÓN) – SILLEDA**

**Sesión 2:**

10:00 h.	CONFERENCIA-COLOQUIO “A RESISTENCIA ARMADA AO FRANQUISMO. A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA” Bernardo Maiz Vázquez. Doutor en Historia Contemporánea.
11:00 h.	RECEPCIÓN EN BOQUEIXON
10:30 h.	
11:30 h.	Traballo de campo: “A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA NA COMARCA DO DEZA” Bernardo Maiz Vázquez. Doutor en Historia Contemporánea. Francisco Martínez López “Quico”. Guerrilleiro. Xaquín Yebra-Pimentel. Profesor do IES de Melide.
14:00 h.	Xantar de campo.

**Sesión 3:**

16:00 h.	Traballo de campo: “A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA NA COMARCA DO DEZA” Bernardo Maiz Vázquez. Doutor en Historia Contemporánea. Francisco Martínez López “Quico”. Guerrilleiro. Xaquín Yebra-Pimentel. Profesor do IES de Melide.
17:00 h.	

17:15 h.	Traballo de campo. “HISTORIAS ANTIFRANQUISTAS NO PICO SACRO” Xosé Manuel Lobato Martínez. Profesor de Secundaria e escritor.
18:00 h.	
	Retorno ao Centro de Interpretación Pico Sacro en Cachosenande – Lestedo (Boqueixón)
18:00 h.	PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL “FILLOS DA TERRA”, de Xosé Manuel Vega
18:30 h.	
18:30 h.	CONFERENCIA-COLOQUIO “LABREGOS NO FRANQUISMO: A INTERACCIÓN ENTRE CAMPESIÑADO E A DITADURA DE FRANCO”. Anxo Collarte Pérez. Profesor de Xeografía e Historia CPI Padrenda Crespo, de Ourense.
20:00 h.	
21:00 h.	“I Serán Sons do Illicinio”, foliada organizada pola A.C. Mestre Manuel Gacio, O Ghusto do Boi e a A.C. e de Festexos Santa María de Lestedo.
22:00 h.	CEA COLECTIVA

**DOMINGO, 26 DE MAIO**  
**Mañá. CENTRO CULTURAL “FERNANDO de CASAS e NOVOA” – SIGÜEIRO (OROSO)**

**Sesión 4:**

10:00 h.	CONFERENCIA-COLOQUIO. “AS MORTES VIOLENTAS NA COMARCA DE ORDES” Manuel Pazos Gómez. Investigador, activista da A.C. Obradoiro da História.
11:00 h.	RECEPCIÓN EN SIGÜEIRO (acto de clausura)
11:30 h.	
11:30 h.	Traballo de campo. “A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA NA COMARCA DE ORDES” Manuel Pazos Gómez. Investigador. Francisco Martínez-López “Quico”. Guerrilleiro. Xaquín Yebra-Pimentel. Profesor do IES de Melide.
14:00 h.	Xantar de campo Ao final do xantar, actuación musical en homenaxe ás e aos demócratas combatentes, a cargo de Mini e Mero (A Quenlla)

**Sesión 5:**

16:00 h.	Asemblea de campo:
18:00 h.	AVALIACIÓN DO SEMINARIO, CONCLUSIÓNS E CLAUSURA



## RELATORES/AS

**Aurora Marco López.** Doutora pola Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, cidade onde reside desde 1958. Exerce como Catedrática de Lingua e Literatura Galega na Facultade de Ciencias da Educación da mesma Universidade. É presidenta da *Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y Literatura*. Colabora habitualmente con múltiples revistas literarias.

**Mulleres na guerrilla antifranquista galega** reflicte as historias de mulleres que viviron na clandestinidade ou apoiaron o movemento guerrilleiro na posguerra en Galicia, e que foron estudadas por Aurora Marco. Premio *Mestre Mateo* 2011 ao mellor documental.

**Bernardo Maiz Vázquez** Licenciado en Xeografía e Historia (Santiago, 1973). Doutor en Historia Contemporánea (Zaragoza, 1984). Catedrático de Ensino Medio no IES *Concepción Arenal* de Ferrol. Veciño do Seixo de Mugardos. Actualmente está xubilado. Autor de numerosos artigos, relatorios e guiños para radio, vídeo e televisión, ten publicado *Galicia na Segunda República e baixo o franquismo* (Xerais, 1988), *Memoria-Catálogo das publicacións galegas antifranquistas* (1989) e *Galegos en Euskadi* (1992), *Galicia no corazón* e *Nautilus 1892-94* (Xerais, 1994). Integrante do Colectivo "Memoria Histórica Democrática", co que esculca na mecánica da represión franquista en Galicia. Ten colaborado con numerosas iniciativas cidadás e sindicais.

**Anxo Collarte Pérez** (Campo Redondo, Ribadavia, 1978). Estudou Historia en Ourense e licenciouse en 2000. Trasládouse a Compostela, onde obtivo a suficiencia investigadora en Historia Contemporánea, campo no que continuou traballando como bolseiro. Desde 2004 exerce a docencia na educación secundaria. Conta cunha decena de artigos divulgados en congresos e revistas científicas (*Murguía*, *Tempo Exterior*, *Estudis d'Història Agrària*), e colaborou co proxecto do Museo do Viño de Galiza. A historia agraria e social do país galego no franquismo centrou o seu labor investigador, que se reflicte en *Labregos no franquismo* (Difusora das Letras, Artes e Ideas, 2006).

**Manuel Pazos Gómez** naceu na parroquia de Marzoa, concello de Oroso (A Coruña). Diplomado en Maxisterio pola Universidade de Santiago de Compostela. Seguiu estudos de Historia e de Animación Cultural. É un dos fundadores e principal activista da Asociación Cultural *Obradoiro da História* (Ordes, 1996). Autor de varias publicacións, folletos e artigos que versan sobre historia local, e tamén dun libro de ficción baseado en feitos reais acaecidos durante os primeiros anos da ditadura franquista. Participou como relator en numerosas xornadas, seminarios, congresos... e deu charlas en varios centros de ensino medio. Asesorou e informou en temas de historia e patrimonio a particulares, estudantes, investigadores, institucións... Está considerado como un dos máis destacados investigadores da Arqueoloxía, Etnografía, Memoria Histórica e Historia Oral da comarca de Ordes.

**Francisco Martínez López, "Quico".** Naceu no 1925 en Cabañas Raras. Neste lugar do Bierzo creceu no seo dunha familia campesiña, e desde os 17 anos colabora coa oposición antifranquista. Posteriormente súmase aos grupos guerrilleiros que se enfrontaron coas armas á ditadura. Na clandestinidade armada desde 1947, foi membro da mítica guerrilla de Manuel Girón, que mantivo entre Galiza e León unha inxente actividade de combate e propaganda até o ano 1951 no que, nunha evasión chea de perigos, consegue penetrar en Francia, país onde se exilia e continúa as súas actividades antifranquistas. Na actualidade dedícase a dar conferencias e escribir as súas memorias.

**Xaquín Yebra Pimentel.** Na actualidade é profesor de Xeografía e Historia do IES de Melide. Naceu en Chantada e fixo os seus estudos de Bacharelato en Santiago, e Letras entre Londres e Toulouse. Tiña só 17 anos cando se viu diante do temible *Tribunal de Orden Público* do franquismo. Era o ano 1970 e militaba no Partido Comunista Internacional, unha escisión do PCE, razón dabondo para pasar unha temporada no cárcere acusado de asociación ilícita e propaganda ilegal. A el acabárono absolvendo, pero un dos seus compañeiros de detención e cadea, o vigués Humberto Baena, ía ser un dos últimos cinco fusilados do franquismo cinco anos despois. Xaquín Yebra colabora coa agrupación chantadina do *Colectivo pola Recuperación da Memoria Histórica*.

## IV SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

DA LOITA POLA TERRA Á LOITA POLA DEMOCRACIA

DO AGRARISMO Á GUERRILLA ANTIFRANQUISTA



RIANXO BOQUEIXÓN SILLEDA OROSO ORDES FRADES

24, 25 e 26 de maio de 2013



IES FÉLIX MURIEL  
RIANXO

